



DATOS IDENTIFICATIVOS

Práctica Civil I

Materia	Práctica Civil I			
Código	V08M110V01103			
Titulación	Máster Universitario en Avogacía-Vigo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Pillado González, Esther María			
Profesorado	Carballo Fidalgo, María Lourdes Espino Hernández, Luis Diego Mariño de Andrés, Ángel Manuel Martínez Hens, Elena Pillado González, Esther María Quirós Parapar, Eva Salas Iglesias, Ana Daria			
Correo-e	epillado@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia a través da cal preténdese a adquisición por parte do alumno do maior número posible de habilidades, aptitudes e regras esenciais no "ususfori", traballando os contidos que se imparten con experiencias de casos reais, manexándoos desde o principio, é dicir, desde que o justiciable, acode por primeira vez a un despacho profesional e seguindo todo o iter procesal ata a definitiva finalización do asunto.			

Competencias

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
B1	Capacidade de aprender de forma autónoma
B2	Capacidade de resolver problemas de forma efectiva
B3	Capacidade de argumentar e rebater ideas, aplicando un pensamento crítico e lóxico.
B4	Capacidade de traballar de forma autónoma con iniciativa
B5	Capacidade de traballar en equipo e coordinar grupos de traballo.
B6	Comportarse de forma ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
C1	Posuír, comprender e desenvolver habilidades que posibiliten aplicar os coñecementos académicos especializados adquiridos no grao á realidade cambiante á que se enfrontan os avogados para evitar situacións de lesión, risco ou conflito en relación aos intereses encomendados ou o seu exercicio profesional ante tribunais ou autoridades públicas e nas funcións de asesoramento.
C2	Coñecer as técnicas dirixidas á indagación e establecemento dos feitos nos distintos tipos de procedemento, especialmente a produción de documentos, os interrogatorios e as probas periciais.
C3	Coñecer e ser capaz de integrar a defensa dos dereitos dos clientes no marco dos sistemas de tutela xurisdiccionais nacionais e internacionais.
C4	Coñecer as diferentes técnicas de composición de intereses e saber encontrar solucións a problemas mediante métodos alternativos á vía xurisdiccional.

C7	Saber identificar conflitos de intereses e coñecer as técnicas para a súa resolución, establecer o alcance do segredo profesional e da confidencialidade, e preservar a independencia de criterio.
C8	Saber identificar os requirimentos de prestación e organización determinantes para o asesoramento xurídico.
C10	Desenvolver destrezas e habilidades para a elección da estratexia correcta para a defensa dos dereitos dos clientes tendo en conta as esixencias dos distintos ámbitos da práctica profesional.
C11	Saber desenvolver destrezas que permitan ao avogado mellorar a eficiencia do seu traballo e potenciar o funcionamento global do equipo ou institución en que o desenvolve mediante o acceso a fontes de información, o coñecemento de idiomas, a xestión do coñecemento e o manexo de técnicas e ferramentas aplicadas.
C12	Coñecer, saber organizar e planificar os recursos individuais e colectivos dispoñibles para o exercicio nas súas distintas modalidades organizativas da profesión de avogado.
C13	Saber expoñer de forma oral e escrita feitos, e extraer argumentalmente consecuencias xurídicas, en atención ao contexto e ao destinatario ao que vaian dirixidas, de acordo no seu caso coas modalidades propias de cada ámbito procedemental.
C14	Saber desenvolver traballos profesionais en equipos específicos e interdisciplinares.
C15	Saber desenvolver habilidades e destrezas interpersoais, que faciliten o exercicio da profesión de avogado nas súas relacións cos cidadáns, con outros profesionais e coas institucións.
D1	Capacidade de síntese e análise.
D2	Capacidade de xestión da información.
D3	Capacidade de organizar e planificar.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Adquisición por parte do alumno do maior número posible de habilidades, aptitudes e regras esenciais no usus fori, traballando con experiencias de casos reais, manexándoos desde o principio, é dicir, desde que o justiciable acode por primeira vez a un despacho profesional e seguindo todo o iter procesal ata a definitiva finalización do asunto.	A1 A2 A3 A4 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C2 C3 C4 C7 C8 C10 C11 C12 C13 C14 C15 D1 D2 D3

Cuantificar os parámetros de interese na explotación dun recurso vivo.

Contidos

Tema	
1. Xurisdición e competencia.	a. Xurisdición civil. b. Competencia: obxectiva, territorial e funcional. c. Tratamento procesual. Declinatoria.
2. Actos procesuais.	a. Requisitos de lugar, tempo e forma. b. Resolucións procesuais. c. actos de comunicación.
3. Actos previos ao proceso civil: dilixencias preliminares e conciliación.	a. Acto de conciliación. b. Dilixencias preliminares.
4. Procesos declarativos ordinarios (I): xuízo ordinario.	a. Fase de alegacións: i. A demanda. ii. A contestación á demanda. iii. La reconvencción. b. A Audieencia previa. c. Xuízo.

5. Desenvolvemento do xuízo.	a. Diferentes medios de proba. b. conclusións. c. Dilixencias finais d. Sentenza.
6. Procesos declarativos ordinarios (II): Xucio verbal.	a. Fase de alegacións: Especialidades. b. Vista: práctica da proba. c. Xuízos verbais con especialidades. Especial referencia ao desafuzamento.
7. Terminación anticipada do proceso por vontade das partes.	a. Renuncia. b. Desistimiento c. Allanamiento d. Transacción e. Satisfacción extraprocesal do obxecto do proceso. f. Caducidade da instancia.
8. Recursos.	a. Recursos contra resolucións interlocutorias. b. Recurso de Apelación. execución provisional. c. Recurso por infracción procesual. d. Recurso de Casación.
9. Efectos do proceso.	a. Cosa xulgada. Impugación da cosa xulgada. b. Costas procesuais.
10. Cuestións esenciais do Dereito Civil	a. Límites dos dereitos subxectivos: a boa fe, o abuso do dereito ou a doutrina dos actos propios. b. Criterios para a cualificación dos contratos. c. Evolución doctrinal e jurisprudencial da interpretación e aplicación dos orzamentos da responsabilidade civil extracontractual.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	44	93.5	137.5
Exame de preguntas obxectivas	2	8.5	10.5
Práctica de laboratorio	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminario	Estudo de casos en clase e debate de conclusións. Exposición e debate de actividades propostas. Resolución de casos, elaboración de informes e ditames e preparación de actividades prácticas.

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

Seminario	Nos seminarios atenderase aos alumnos de forma personalizada, considerando as súas dúbidas como método de traballo e suscitando novos retos sobre a base da evolución persoal do alumnado.
-----------	--

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Seminario	Valorarase a asistencia e participación regular nas actividades que se desenvolvan nos seminarios.	20	B5	C15	
Exame de preguntas obxectivas	Formularanse preguntas tipo test para analizar o grado de comprensión do contido da materia.	40	A2 A4	C1 C2 C3 C4 C7 C8 C12 C13 C14 C15	D1 D2 D3

Práctica de laboratorio	Realización dunha proba práctica sobre a base de actividades realizadas ao longo do curso, na que os alumnos deberán demostrar as competencias e obxectivos da materia	40	A2 A3 A4	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C3 C7 C10 C11 C12 C13 C14 C15	D1 D2 D3
-------------------------	--	----	----------------	----------------------------------	--	----------------

Outros comentarios sobre a Avaliación

"Para ter dereito a ser avaliado polo sistema de avaliación continua, o alumno deberá asistir, polo menos, a un 75% das clases presenciais

Primeira oportunidade de examen: 1. - Os alumnos que se someten a avaliación continua serán avaliados conforme aos criterios que se indicaron máis arriba: resultado da avaliación continua (20%), proba tipo test (40%), proba práctica relativa ao estudo de casos (40%). 2. - "Para os alumnos que non se someten a avaliación continua, ou que queden excluídos do devandito sistema a súa cualificación estará integrada na súa totalidade" polo resultado obtido "nun exame final, que consistirá nunha proba teórico-práctica, que terá que defenderse ante un tribunal integrado por tres profesores da materia,"

Segunda oportunidade de examen:

1. -

No exame de xullo os alumnos que se someteran ao sistema de avaliación continua conservarán a nota que obtiveran no curso. 2. - "Para os alumnos que non se someten a avaliación continua, ou que queden excluídos do devandito sistema a súa cualificación estará integrada na súa totalidade" polo resultado obtido "nun exame final, que consistirá nunha proba teórico-práctica, que terá que defenderse ante un tribunal integrado por tres profesores da materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Hierro Hernández-Mora, **Práctica contenciosa para abogados**, La Ley, 2015

Moreno Catena, **Esquemas de organización judicial**, Tirant Lo Blanch, 2017

Moreno Catena, **Derecho Procesal Civil. parte general y parte especial**, Tirant Lo Blanch, 2017

Montero Aroca, **Derecho Jurisdiccional. tomos I y II**, Tirant Lo Blanch, 2017

Reglero Campos, **Tratado de Responsabilidad civil**, Aranzadi, 2014

Bercovitz Rodríguez-Cano, **Comentarios a la Ley de Arrendamientos Urbanos**, Aranzadi, 2013

Bibliografía Complementaria

De Angel Yagüez, **Daños punitivos**, Civitas, 2012

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

No caso en que sexa necesaria a suspensión das sesións presenciais do Master coma consecuencia da crise sanitaria provocada pola COVID-19, as metodoloxías docentes que se utilizarán, tanto para a docencia teórica como práctica, son:

- FAITIC e correo electrónico: o profesorado da materia proporciona ó alumnado, a través desta plataforma de teledocencia ou do correo electrónico, diverso tipo de materiais (presentación, esquemas, casos prácticos, exercicios, lecturas recomendadas, etc.) que lles permitan preparar os contidos correspondentes. A través destes mesmos medios o alumnado tamén pode realizar ou entregar os exercicios e actividades que lles sexan requiridos.

- AULAS VIRTUAIS: A través das aulas virtuais do Campus Remoto da Universidade de Vigo, o profesorado impartirá seminarios de xeito análogo á docencia presencial, polo que se dedicarán, fundamentalmente, ao estudo de casos e debate de conclusións. Iso se complementará co traballo autónomo que o alumnado debe dedicar á preparación destes casos.

A impartición destes seminarios será comunicada oportunamente ó alumnado e adaptarase ás datas e horarios que estaban fixados no cronograma da materia.

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

O profesorado atenderá ó alumnado de forma personalizada aos efectos de aclarar dúbidas ou compartir impresións sobre os contidos da materia ou outras cuestións de carácter académico. Estas titorías desenvolveranse fundamentalmente a través de correo electrónico. De ser o caso, tamén se poderán realizar titorías colectivas a través das aulas virtuais.

Adaptación da avaliación á docencia non presencial

Co fin de alterar o menos posible o sistema de avaliación que estaba previsto na guía docente da materia, o sistema de avaliación será o seguinte:

- Resultado da avaliación continua, que representará o 20% da nota final. Neste apartado valorarase a asistencia e participación en clase do alumnado ata a data de suspensión da docencia presencial, así coma a realización e entrega das actividades avaliadas encargadas polo profesorado (exercicios, respostas a cuestionarios, casos prácticos, etc.).

- Test teórico-práctico, que representará o 40% da nota final. Esta proba test realizarase de xeito virtual, a través da plataforma Faitic, na data e hora prevista nos horarios da materia.

- Resolución dun suposto práctico, que representará o 40% da nota final. Esta proba tamén se realizará na data e hora prevista nos horarios da materia e consistirá na resolución nun tempo limitado dun suposto práctico que se lle fará chegar ó alumnado a través da plataforma Faitic; e que una vez realizado, deberán remitir ó profesorado polo mesmo medio. Para a realización desta proba daráselle no seu momento ó alumnado as instrucións oportunas.

No caso do alumnado que opte por non seguir a avaliación continua (por non ter asistido ás sesións presenciais nin entregar as actividades avaliadas encargadas) o sistema de avaliación consistirá na realización dunha proba test teórico-práctica, que suporá o 50% da nota final; e na resolución dun suposto práctico, que representará outro 50% da nota final. Ámbalas dúas probas se levarán a cabo da mesma forma e na mesma data indicada anteriormente.

Este mesmo sistema de avaliación seguirase para a segunda oportunidade de exame (convocatoria de xullo).

Nesta segunda oportunidade de exame, o alumnado poderá conservar a nota obtida naquelas partes da avaliación que tivera aprobadas (avaliación continua, proba test ou caso práctico), polo que se manterían os mesmos porcentaxes na avaliación. Noutro caso, o sistema de avaliación consistirá na realización dunha proba test teórica-práctica, que suporá o 50% da nota final; e na resolución dun suposto práctico, que representará outro 50% da nota final.
